
EU CURAREITE, DIXO OSO PEQUENO

Texto e ilustracións de JANOSCH

Tradución de SILVIA PÉREZ TATO

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 52 páx. 15 €.

Eu curareite, dix o oso pequeno (galego)
ISBN 978-84-8464-908-3. Tras os montes.

Jo et curaré, va dir el petit Ós (catalán)
ISBN 978-84-8464-909-0. Llibres per a somniar.

Neuk sendatuk zaitut, Tigre (éuscaro)
ISBN 978-84-7681-869-5. Kalandraka-Pamiela.



Eu ponho-te bom, disse o urso (portugués)
ISBN 978-989-749-040-8. Livros para sonhar.

*Un día tigre pequeno regresou do bosque coxeando,
xa non podía camiñar máis nin manterse en pé e caeu.
E quedou alí tombado no chan, no medio do prado.
Deseguida chegou correndo oso pequeno e preguntoulle:
-Que che pasa, tigre pequeno? Estás enfermo?*

“Eu curareite, dix o oso pequeno” é un capítulo máis na vida dos personaxes máis entrañables creados por Janosch. Nesta ocasión, tigre pequeno enferma e o seu fiel amigo ocúpase de coidalo, atender os seus antollos culinarios, procurarlle visitas e colmalo de comodidades.

Acompañarémolos ao hospital dos animais canda a tía gansa, a lebre dos zapatos veloces, o elefante gris e moitos máis veciños do bosque, que se solidarizan co doente. E asistiremos a un singular recoñecemento médico con raios X, no que se descobre cal é a sorprendente afección de tigre pequeno.

Texto e imaxes destilan tenrura, afondan no valor da amizade e empatizan cos lectores a través dun humor sutil. A estrutura repetitiva dos diálogos e as escenas do cotián que Janosch representa con maestría, son as claves para cativalos cunha mensaxe universal: hoxe por ti, mañá por min.



-
- **Temática:** a amizade nos momentos difíciles.
 - **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.
 - **Aspectos destacables:** enfermidade, amizade, solidariedade; animais humanizados; clásico da literatura infantil; do autor e ilustrador de “Que bonito é Panamá!”, “Correo para tigre” e “Imos buscar un tesouro” (Kalandraka).
-

Janosch

(Hindenburg, Alemaña, 1931 -actual Zabrze, Polonia-)

Janosch é o pseudónimo de Horst Ecker. Adoptou ese nome artístico animado polo seu primeiro editor. Marcado por unha infancia difícil, sendo moi novo empezou a traballar como ferreiro e cerralleiro. Trala II Guerra Mundial, a súa familia mudouse a Alemaña Occidental e el empregouse nunha fábrica téxtil. En 1953 trasladouse a Munich e durante unha tempada estudou na Academia de Belas Artes. Logo estableceuse como artista independente e en 1960 publicouse o libro infantil co que iniciou a súa traxectoria artística e literaria, que suma máis de 300 obras traducidas a 70 linguas, polas que recibiu numerosos premios. A súa sona internacional débese a “Que bonito é Panamá!”, editado en 1979.
<http://www.janosch.de>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
